

CELEBRACIÓN DO 25 ANIVERSARIO

CRIS : Bos días a todos! Benvidos á nosa escola! Hoxe día 10 de maio de 2010, xuntámonos aquí para celebrar os 25 anos de vida do “Colexio Público Escultor Acuña” .

JH : Esta é unha escola de **INTEGRACIÓN** . Aquí convivimos moitas xeracións de rapaces e rapazas xordos e ouvintes en perfecta harmonía. Xa hai moitos ex-alumnos desta escola que son hoxe cidadáns moi respectables de Galicia e do mundo.

CRIS : Jonathan e mais eu, rematamos este ano a nosa educación Primaria. Todas as compañeiras e compañeiros de 6º sentimos pena de deixar o colexio, pero tamén estamos seguros da nosa preparación para a nova andaina no Instituto.

JH : A nosa seguridade para a nova etapa vén do traballo colectivo de toda a comunidade escolar. Das nosas mestras e mestres; das coidadoras, do noso conserxe, das intérpretes de linguas de signos, da mediadora da ONCE, dos monitores de actividades extraescolares, das vixiantes do comedor... Tantas persoas conseguiron, coa súa profesionalidade, que a nosa xeración estea formada por persoas de **BEN**.

CRIS : Cremos que somos rapaces e rapazas :

- Educados e formados
- Demócratas
- Tolerantes e empáticos
- Igualitarios
- Activos, críticos e creativos

Valoramos a nosa escola e o traballo de todos, que nos permitirá andar pisando forte, coa cabeza erguida... polos camiños da vida .

JH : Estamos no “ Escultor Acuña ”. Un escultor xordo que sabía escoitar o que latexaba dentro da materia que esculpía.

CRIS :O nome do noso colexio abrangue, sintetiza e condensa as ideas xeradoras do noso traballo: Podemos ser xordos, cegos, ouvintes ou videntes. Pódenos faltar algún sentido pero non nos faltará a **VONTADE** de superar todas e cada unha das dificultades para acadar o noso fin principal: Ser homes e mulleres libres e valiosos para a nosa sociedade, para Galicia e para o mundo.

Cristina dos Santos e Jonathan Rodríguez

Coa colaboración das mestras Mari Sueiro e M^aXosé Pérez Meixeira

ÍNDICE

✓ 4º EDUCACIÓN INFANTIL	2
✓ SAMAÍN	4
✓ 5º EDUCACIÓN INFANTIL	5
✓ MAGOSTO	7
✓ 6º EDUCACIÓN INFANTIL	8
✓ NADAL	13
✓ 1º EDUCACIÓN PRIMARIA	14
✓ DÍA DA PAZ	15
✓ 2º EDUCACIÓN PRIMARIA	16
✓ TESAUROS	20
✓ ENTROIDO	21
✓ 3º EDUCACIÓN PRIMARIA	22
✓ 4º EDUCACIÓN PRIMARIA	23
✓ ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA	25
✓ 5º EDUCACIÓN PRIMARIA	26
✓ ACTIVIDADES DO ENDL	30
✓ 6º EDUCACIÓN PRIMARIA	31
✓ LETRAS GALEGAS	32
✓ 25 ANIVERSARIO	35


As nenas e nenos de 4ºA de E. Infantil



traballamos a primavera



**As nenas e nenos de 4ºB de E. Infantil
aprendimos unha rima**



e a cantamos na clase dos maiores



Todo o cole fixemos cabazas para celebrar o SAMAIÍN



O alumnado de 5ºA de E. Infantil celebrou

SAMAIN



NADAL



"AS NOGAS

FESTAS" 5º E.I. (A)



ENTROIDO



DÍA DA PAZ

O POLO PEPE

O POLO PEPE COME MOITA **CEBADA**
POR ISO A **BARRIGA** TEN TAN INCHADA.

POLO PEPE NON COMAS TANTO,
QUE TE POS MOI MALIÑO
E NON DÁS UN SALTO.

O POLO PEPE COME **OTRO** ENTEIRO,
E TRÁGAO A PUÑADOS CO SEU **POPEIRO**

POLO PEPE...

O POLO PEPE COME OS GRANS DE **MILLO**
DAS SÚAS GRANDES **PATAS** COMO ME RÍO!

POLO PEPE...

O POLO PEPE CHAMA Á SÚA **MAMÁ**
E VÉN CACAREXANDO, QUE GRANDE ESTÁ!

POLO PEPE...

5º E.I.

As nenas e nenos de 5ºB de E. Infantil aprendimos

MAGOSTO



Visitounos unha castañeira


Aprendemos, escribimos e debuxamos palabras que nos gustan en galego

esquis



Ultran

Naxara




Palma

rebregeta



nicole

tesouro




Palbo p

popapoulo




Lucas

saca



Naiara

Laranga



Laura

raposo



xabarin



Mora

quenlla



Roberto

amoroso



Adrian

cogomelos



Emilia



Palbo

6º de

amamás



Maria




Rua



Paula

Landra



Eva

amã




ANJELAS

margarida



Elena

polvo



Albam

nae




INACINE

avós



ALEJANDRA

estrelas




Alicia

golfinho



Amalia

carballos




Sofia

Educación Infantil



E parece que nos gustou



judith



LUCIA AGUI






pois debuxamos un montón

e inventamos historias

A PEQUENA LANDRA

Erase unha vez unha landra pequeniña que vivía na súa arbores pero o vento a tiron o cham e un esquío que pasaba coa súa nai dixo: - Mamá ahí hay unha landra. A nai díxelle que era muy pequena e non a quiso. Co paso do tempo e gracias a tesora e a chuvia de aquela pequena landra naceu un fermosísimo corballo.




Enea Ramiloz

OS ERREDO da Ulla

Habela unha vez un paxaro coa curia para de lado a to para un mapa que indicaba un deserto. Creceu a vida e pensou de ir a que cavar para o que alí había era unha casa con tres portas. Intentou abrir a primeira pero non o conseguiu.

- Está feita esta moi dura, é aberta a chave desta bendición?


- Eu non respondo a galego e o paxaro coa curia a resposta para pezo non o conseguiu. Intentou abrir a terceira e tamén non puido. E moa - OITAVO MARCHOSE NO GALICIA



FIN

PABLO P.


HABÍA UNHA VEZ DOUS AVÓS QUE TIÑAN UNHA CADELA QUE SE CHAMABA EVA E COMÍA MOITO, TANTO QUE TIÑA A BARRIGA MOI GORDA. UN DIA EXPLOTOU. CLARO, OS AVÓS NON A QUERIAN PORQUE TIÑAN UNHAS OURELLAS MOI LONGAS FIN



Alexandra

UN DIA PASABA UNHA ANANAS POLA CIUDADE E ENCONTROUSE A SENORA LANDRA

E FORONSE AO PARQUE, PERO COMO CHOVIA FORONSE A CASA DA LANDRA. E ALI XOGARON O ARCHIS E DESPOIS FORONSE PARA CAMA



INSON



EU QUERO MOITO A MINA NAI

Celebramos o NADAL e adornamos o cole



cun belén feitos polos nenos de E. Infantil



CONTARTE

Contarte é a Campaña de animación á lectura do Concello de Vigo.


O día 22 de abril estiveron no colexio, facendo a presentación do libro "Pulga Xigante" de OQO editora. Regaláronnos 20 libros para a nosa Biblioteca.

Na Biblioteca contáronnos un conto dunha pulga aventureira que recorreu o corpo dun xigante dende os pés ata a cabeza.

Despois nun folio grande fixemos o recorrido da pulga con liñas discontinuas, sinalando os lugares onde estivo, con diferentes texturas.

Foi divertido!


Os xigantes de 1º B




DÍA DA PAZ

1º CICLO

Os nenos e nenas do 1º ciclo de Primaria fixemos as seguintes actividades :



A árbore dos desexos. Todo o alumnado do centro puxo nunha follha o seu desexo de PAZ



Reciclando iogures fixemos a pomba da PAZ



Cartel da cortiza exterior co lema "Convivir aprendendo e aprender convivindo"

No patio exterior con todo o alumnado do colexio cantamos a canción " No dudaría " de Antonio Flores e observamos a solta de pombas mensaxeiras.

As nenas e nenos de 2º de Educación Primaria aprendimos o conto "O CESTO DAS CEREIXAS".

O CESTO DAS CEREIXAS UXIA GOMEZ PAZ 2+A

Habi un vez un mozo que tiña que vender os seus cereixas na feira en un garda paraido (Alta) tiñan que pagar unha moeda e o mozo le diu unha moeda de ouro.

Cesto das cereixas

Habia unha vez un mozo que iba a festa de Porto Marín a vender un cesto de cereixas e a ganhar un par de moedas

O mozo atopouse con un garda e lle diulle

Na festa fícho pagar

Hede todo pago

O mozo sentouse e empezou a comer as cereixas e despois preguntoulle a o garda

Gala F.V





O CESTO DAS CEREIXAS

Habia unha vez un labrego que quería vender cereixas ala feira de porto Marín pero ao pouco de vender se encontrou con un garda que diante do ponte se a garda lle preguntou onde nos íbamos a feira

claudia 2ºA O Cesto das cereixas

luns - 8

Habia dun a vez un labrego que quería vender cereixas ala feira de porto Marín ao pouco de vender se encontrou con un garda diante do ponte de porto Marín e o garda lle preguntou onde nos íbamos a feira



O CESTO DAS CEREIXAS Brais / nome

Habia unha vez un mozo labrega que todos os dias iba a Portomarin a vender un cesto de cereixas. Cando iba pasar a ponte do rio Miño atopouse un garda e o garda lle preguntou de que era? enton labrega lle disse a Portomarin a vender un cesto de cereixas. Enton o garda lle disse non podes pasar sen pagar, enton o labrega pensouse non podo pagar, lle apostou que podo pasar co cesto das cereixas, enton o labrega se puxo na via do camiño e comeu as cereixas. Pa pasar a ponte do rio Miño

O Cesto das Cereixas DAVID 2º A


Habia unha vez un labrega que vivia a forza de Portomarin. Se encontra un garda e di o garda non podes pasar sen pagar nada. O mozo comeu as cereixas e o garda o deixa pasar.

O Cesto das Cereixas Candela

Habia unha vez un labrega que iba a vender unhas cereixas ao chegar habia un garda que lle pediu que lle pasase a ponte pero non tiña unhas cereixas para pagar e o garda lle apostou que se podes pasar sen pagar e o labrega apostou sen pagar e o garda lle permitiu pasar.

O Cesto das cereixas YAGO

Habia unha vez un mozo que quería vender as cereixas pero a veia do camiño atopouse con un garda.



e o representamos na clase dos pequenos



O NOSO TESAURUS

AS PALABRAS QUE FORMAN O TESOIRO DA NOSA LINGUA

O CUBIL DO XABARÍN

Acollimento: Amparo
 Aculado: Ocultarse al borde de un camino
 Agarduiñar: Arañar
 Algaría: gato montes
 Apedado: Paralizados de temor
 Apeitacon: Subir al pico sin vueltas
 Arrecoascar: gatear, trepar a los árboles
 Bouza: Bosque bajo, bosque de arbustos
 Uxia Norta Norta
 Cubil: cama de ciertos animales

Martes-2-3-2010

Acollimento: Amparo
 Aculado: Ocultarse al borde de un camino
 Agarduiñar: Arañar
 Algaría: gato montes
 Apedados: Paralizados de temor
 Apeitacon: Subir al pico, sin vueltas
 Arrecoascar: gatear, trepar a los árboles
 Bouza: Bosque bajo, bosque de arbustos
Uxia Norta Norta
CUBIL DO XABARÍN
 canellas: palas pequenas
 carrozo: torrente de una fuente, pequena reguera
 corruela: planta trepadora
 Malcates: adolescentes

Martes-2-Marzo-2010 **O CUBIL DO XABARÍN**

Acollimento: Amparo
 Aculado: Ocultarse al borde de un camino
 Agarduiñar: Arañar
 Algaría: gato montes
 Apedado: Paralizados de temor
 Apeitacon: Subir al pico sin vueltas
 Arrecoascar: gatear, trepar a los árboles
 Bouza: Bosque bajo, bosque de arbustos
Uxia Norta Norta
 canellas: palas pequenas
 Carrozo: torrente de una fuente, pequena reguera
 Corruela: planta trepadora
 Malcates: adolescentes
 cubil: cama de ciertos animales

OS RAPACES E RAPAZAS DE 2º DE PRIMARIA RECUPERARON PALABRAS DA MEMORIA DOS AVÓS

En febreiro chegou o ENTROIDO



e todos puxemos a carroza

Co alumnado de 3º de Primaria parece que

POEMA

Pequeno Mouchiño

Na vella sobreira
que bebe no río
naceu unha noite
no medio do frío

Un mouchiño pompon
que ten as ás sen pluma
e mais é rabon

Corpiño cuberto
de leve penuxe
que apenas o libra
da fresca viruxe

Sen un bo plumero
tremelle as patinias
tremelle o peteiro

Pois nesta sobreira
que e hotel de estrelas
nin acenden lampadas
nin prenden candeas



Renée 3ºA

Poema de matemáticas


Amigos a sumar,
enemigos a restar,
alegrías a multiplicar
e penas a dividir

Gira 3ºA

ARROLO

Cantada de paxariños,
cantada meus amiguíños,
que así arrolaredes
os meus pequeniños

Gira 3ºA




Que pasa conda
tirar un relaxa pola
fiesta.

Marcos.F.M.3ºA

Resposta: o tempo nos.


1. Resolve a crucigrama.

1. Facia abretos de ferro.
2. Fabricaba e afista castelos.
3. Facia abas.
4. Bandaba os pombos.
5. Facia abretos de madeira.
6. Curtia os peles.



ADIVINANÇAS

Sei falar contigo
apuro e devago
sei case de todo
e non sei andar



argy O

Alba 3ºA

Christe

Por que se suicidou
o libro de matematicas

(Porque tiña moitos problemas.)

Sira 3ºA

Marcos.F.M. 3ºA.

Localiza 8 nomes de muller e home:

Anda sen camiño
camiña sen botas
eu ando moi axiña
e sempre me atopo

Alba H


Alba 3ºA

M	X	A	J	E	S	T	E	L	A
E	X	Z	L	I	O	S	T	P	N
F	O	U	A	N	T	O	N	N	X
C	A	L	J	V	U	A	E	P	B
T	N	I	U	F	A	I	N	R	O
R	G	L	E	I	N	E	A	X	J
U	X	I	A	T	X	O	E	G	L
P	M	N	O	N	O	I	U	F	O
C	F	R	X	I	A	N	A	S	C
B	X	N	D	S	A	M	U	E	L

Joel 3ºA

o podemos pasar ben

Os nenos e nenas de 4º de Primaria intentamos usar a palabra dun xeito diferente



ACTIVIDADES DE BIBLIOTECA

O pasado mes de abril foi o mes grande da biblioteca e dos lectores por ser o 2 e o 23 días especiais nos que se conmemora e celebran dous eventos moi importantes: o 2 de abril foi declarado pola Unesco o Día Internacional do libro Infantil e Xuvenil por ser a data do nacemento de Hans Christian Andersen, un dos máis famosos escritores de historias infantís, e o 23 de abril o Día Internacional do Libro e dos dereitos de autor por coincidir co falecemento de dous grandes escritores mundialmente coñecidos: William Shakespeare e Miguel de Cervantes.



En todo o mundo se celebran estas datas e nós tamén quixemos unirnos preparando un acto colectivo o venres, 23. Con libros do noso almacén fixemos un pequeno cartel sobre o piso da entrada ao centro que decía: "DÍA DO LIBRO"; despois saímos todos aos corredores e patios cubertos a ler durante 10 min. un libro; en silencio,... para rematar cantando todos xuntos a canción de Migallas "O LIBRO MÁXICO" que se non a tedes, aquí vai:

Se te sentes aburrido
e non sabes que facer
colle un libro meu amigo
Todo pode suceder.

*Imaxínate voando nunha alfombra
imaxínate cruzando o ancho mar
imaxínate un can saltando á corda
imaxínate nunha nave espacial.*

Poderás ser un pirata
moi valente e moi rufián
pelexar con alimañas
e un tesouro atopar.

Poderás ir ata Arabia
nunha alfombra a voar
atoparte con un xenio
saudar a Alí Babá.



poderás ser un pallaso
disfrazar ao teu can
facer rir a todo o mundo
como fai o can Papán

Poderás ir nunha nave
polo espazo sideral
descubrir unha galaxia
e cun marciano xogar.



O alumnado de 5ºA aprendimos a contar historias. Aquí vai unha...

CRÓNICAS DE CAMELOT

Fai moito tempo, nun gran reino chamado Camelot, habitaba un rei chamado Arturo Pendragón, que seguindo as instrucións do seu pai, prohibiu a magia. Mesmo para Merlin, un mago no que Arturo confiaba. Pero, un día, un xoven mago chamado Ferris, chegou a Camelot na busca das ensiñanzas do gran Merlin. Pedíullo con educación e Merlin aceptouno encantado - Ben, toma a túnica de primeiro grao (era de cor marroón).


Dous días despois, chegou un campesiño pedíndolo axuda a Camelot - Un grande dragón está queimando as colleitas e devorando o gando - dixo o campesiño cun tono de terror.

- Um dragón? - dixo Arturo entre emocionado e temendo algo - Enviarei os meus mellores soldados - dixo Arturo mirando un grupo de 10 homes con túnicas verdes e altamente armados.

Mentres, Ferris intentaba facer medrar unha árbore, un feitiço fácil, pero que require moita concentración. De súpeto viu unha escultura dunha serpe cunha xoia na boca, Ferris non dubidou e arrancou a xoia de entre os dentes da estatua, de súpeto, a cobra de pedra cobrou vida e atacou a

Ferrius, este realizou un concurso defensivo e unhas raíces saíron da terra e envoráronse arredor da serpe, pero esta liberouse e pronto alcanzou a Ferrius. Orthog -dixo unha voz, e a serpe conxelouse nun bloque de xeo - Non roubes máis - dixo Merlin enfadado. Mentres, na sala do trono, un dos soldados que Arturo enviara a matar o dragón volveu a Camelot (era o único supervivente) - O dragón é moi poderoso - dixo - só a maxia poderosa pode matar. Merlin mirou a Ferrius. - Podes facer algo? - preguntou Arturo ao mago. - As promesas non se rompen - dixo Merlin antes de irse. - Por que non fas nada? - preguntoulle Ferrius despois. - Prometín non derramar sangue de dragón nunca máis - respondeu o mago. Tres días despois, (Ferrius xa era de 2º grado e gañou a túnica azul) atacou o dragón, pero non ningún pobo, nin aldea, ¡Se non, Camelot! A figura do dragón apareceu voando no ceo. Os arqueiros dispararon, pero as flechas rebotaban na pel durada do reptil alado. Da gorxa do dragón saíu disparada unha bola de lume que derribou os seus inimigos. Ferrius corria polo bosque a xunto a serpe, que xa estaba ben - Axuda a Camelot ou Merlin matarát - dixo.

O dragón diviseou, desde o alto dunha das torres, a 5 cabaleiros a caballo, que rapidamente fulminou co seu alento de lume. Unha muller e o seu filla estaban atrapados, lume por un lado e dragón polo outro. De súpeto, unha gran serpe atacou ó dragón. A serpe enroscábase arredor do dragón, e este intentaba liberarse, pero cando os arqueiros dispararon, as flechas iban dirixidas a serpe. Fénris cambiou o seu rumbo cara ó reptil alado, que despois de matar a serpe recibiu o golpe mortal da lanza favorita de Arturo. Fénris pronunciou unhas palabras e a lanza alargouse e atravesou o corpo do dragón, Arturo despois fixo arder a lanza e o reptil morreu para sempre.



Adrián Fernández Romero 5ºA

e en 5ºB aprendimos a contar lendas

GUERRA FRATRICIDA ENTRE BACTERIAS

NOTICIA

A bacteria Helicobácter, causante da úlcera de estómago, atopouse coa bacteria Levadurias e comezaron a discutir.

-Helicobácter: Bos días Levaduras, ¿Por qué me provocaches esta dor?

-Levadurias: ¿Quen che mandou comer tanto pan?

-Helicobácter: Tiña fame, pero ti fermentaches moito.

-Levadurias: O xusto, foches ti a que te pasaches, por larpeira.

-Helicobácter: Eston moi enfadada, xa que cos antibióticos, vanme destruír.

-Levadurias: Tranquila, verémonos pronto no tubo de ensaio.

XOAN.X

5ºB

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Participamos en diferentes actividades organizadas polo **servizo de normalización lingüística** do Concello

Recibimos ao **signacontos** que nos falou en lingua de signos interpretada ao galego



Rotamos polas clases contando e cantando en galego



O alumnado de 6º de Primaria fixo un intercambio escrito con nenas e nenos do CPI AlfonsoVII de Caldas de Reis

6º DE PRIMARIA

"A Nosa Vida na Escola"

A maior parte de nos entrou no colexio en 3 Anos. Estabamos moi caladiños porque non coñeciamos a ninguén, pero estivemos toda a maña xogando, uns a cociñas e Aarón, Susi, Enoc e Uxía xogábamnos a "Power Rangers".

A nosa profesora era moi boa, chamábase Puri. Chegamos a querela moito e cando se marchou choramos todos por ela. En 5 anos déronos un imán por saber atarnos os cordóns.

En 1º empezamos coas "historias" de amigos e amigas. Aprendimos a ler, escribir, sumar e restar.

Despois aprendimos a tabla de multiplicar. Era moi bonita, amarela como conserva Alba.

En 2º os nenos inundaron o baño, e ese ano xubilouse a nosa mestra Concha. Foi un gran curso porque no recreo xa fumos... ¡o patio dos maiores!

En 3º Chegaron ao colexio algún dos nosos irmáns pequenos.

Tamén se foron Anabel, Iván, Bautista, Marta e Pablo Cons.

En 4º chegaron Elena, Fabián, Alex e Federico.

En 5º xa tivemos mais profesores. E descubrimos que algunhas asignaturas que non nos gustaban, gústanos.

Agora estamos no 3º ciclo e xa somos os maiores do colexio.

Estes 9 anos é o tempo da nosa infancia e, por hoxe, son os mellores da nos vida.

ACTIVIDADES DO HORTO ESCOLAR

Ao longo do curso os nenos e nenas, xunto co profesorado, cavamos, sementamos e coidamos o noso horto escolar.

Hoxe loce así de bonito e repoludo.



Respondendo aos nosos mimos e coidados, poñéndolle compost natural e humus de lombriga vermella (que nós coidamos), regando con auga da choiva, sacando as herbas

competidoras, visitándoo (incluso no recreo)...temos uns chícharos, unhas cebolas, unhas patacas...que están dicindo cómeme...que é o que faremos antes de ir de vacacións.

O ano que ven, aprenderemos máis cousas relacionadas co coidado das plantas e practicaremos as que xa sabemos.



Durante a semana das LETRAS GALEGAS



informamos á comunidade educativa

leímos alguns dos seus poemas e contos



e aprendimos cousas sobre a súa biografía e costumes.



ademais o celebramos cun festival...

e aquí vai un resumo



CELEBRACIÓN DO 25 ANIVERSARIO



**TODOS
ESTIVEMOS
CONVIDADOS**





DIFERENTES REPRESENTANTES DO CONCELLO, DA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, REPRESENTANTES
 DOUTROS CENTROS EDUCATIVOS, MEMBROS DA ANPA E
 DA ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS XORDOS, FAMILIA DO
 ESCULTOR ACUÑA, ANTIGOS COMPAÑEIROS E
 COMPAÑEIRAS, ANTIGO ALUMNADO E TODO AQUEL QUE
 SE QUIXO ACHEGAR





TIVEMOS GAITEIROS

PEIXEIRAS



CESTEIRAS



E REDEIRAS



E REALIZÁRONSE DIFERENTES FESTIVAIS



LUNS 10

OBRADOIRO do Centro de Artesanía Tradicional (CAT):

CESTEIRAS.

12,30 h.:
ACTO INAUGURAL coa presenza do Alcalde e autoridades.
Descubrimento da escultura "OS DEBERES" de José Mº Acuña.
Música: Grupo Tradicional Arroutadas.

13,15 h.:
Aperitivo a autoridades, persoal do centro, membros da Comisión XXV Aniversario e antigos mestres.



MARTES 11

OBRADOIRO do CAT:

REDEIRA E CONSTRUCCIÓN DE NASAS.

17,30 h.:
Orquestra Sinfónica Infantil de Nigrán.
Director: Miguel A. Quiñones Cabeazón.

18,30 h.:
TEATRO grupo de nenos e nenas do Ceip Escultor Acuña.
Título: "O estraño caso da desaparición dos bocadillos de chourizo".
Autor: Manuel Burgos Toimil
Adaptación: Maruxa Pueyo



MÉRCORES 12

OBRADOIRO do CAT:

CESTEIRAS.

XOVES 13

OBRADOIRO do CAT:

REDEIRA E CONSTRUCCIÓN DE NASAS.

VENRES 14

OBRADOIRO do CAT:

CESTEIRAS.

12,00 h.:
Festival das Letras Galegas.

17,30 h.:
Orquestra da Escola Municipal de Música. Director: Óscar Davila.

18,30 h.:
Escola Municipal de Teatro.
"As outras voces" de Rosa Mº Morales.



As actividades da tarde (Martes 11 e venres 14) están abertas aos membros da comunidade educativa e antigos alumnos.

25 anos de ensino

25 anos de aprendizaxe

25 anos de comunicación

25 anos de observación

25 anos de reflexión

**25 anos compartindo unha experiencia inesquecible,
unha experiencia capaz de facernos sentir grandes,
grandes polo feito de axudar a medrar aos máis pequenos.**

**25 anos que pasaron correndo,
especialmente para unha das nosas compañeiras,
unha compañeira que leva**

**25 anos dando a palabra
e que por fin se merece descansar ...**

Nós a sentiremos en cada un dos recantos do colexio.

Grazas, por ensinarnos.